



SESION ORDINARIA DE 24 DE SETEMBRO DE 2024

(Acta número 09)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as Deputados/as:

D. Efrén Castro Caloto
D^a. María del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D. Miguel Fernández Méndez
D. Xosé María Arias Fernández
D. Iván Castro Díaz
D. Antonio Ameijide Os,orio
D. José Pardo Lombao
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Angel Santos Sánchez
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
D^a Iria Castro Fernández
D. Carlos López López
D. Javier Varela Pérez
D. Armando Castosa Alvariño
D^a. María Sol Morandeira Morandeira
D. Francisco Cajoto Caserío
D. José Demetrio Salgueiro Rapa
D. José María Fernández Vázquez
D. Clemente Iglesias González
D. Luis Fernández Guitián
D^a. María del Carmen López Moreno
D. Héctor Manuel Corujo González

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do día **vinte e catro de setembro de dous mil vinte catro**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para este efecto.

Actúa de secretario o titular da Corporación D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste o deputado provincial D. Daniel García Fernández..

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA TRINTA DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día trinta de xullo de dous mil vinte e catro, e, ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org/?pleno=20240924&punto=1>

PARTE RESOLUTIVA

2.- PROPOSTA PARA APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INICIO DO EXPEDIENTE DE ACTIVIDADE ECONÓMICA EN RÉXIME XURÍDICO DO CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES DE BECERREÁ.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta do deputado delegado da Área de promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo en sesión ordinaria realizada o venres 12.04.2024, acordou por unanimidade o impulso da posta en marcha do centro de atención a persoas maiores de Becerreá.

O 13.09.2024 dende Benestar Social e Igualdade emitiuse un informe co CSV IV7UY2SDJROKSMCYJFR4APRK4x, no cal concluíase que era necesario para a posta en marcha do centro de atención a persoas maiores de Becerreá, entre outros, aprobar a actividade económica e o seu réxime xurídico conforme á Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; designar a comisión de estudio conforme ao Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime; e someter a participación dá cidadanía conforme a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Tendo en conta o exposto, proponse ao Pleno da Deputación de Lugo dar aprobación a:

1º.- Designar dunha Comisión de estudio conforme ao Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, coa seguinte composición:

- Dous deputados/as delegados/as do Goberno da Deputación de Lugo.
- O secretario Xeral da Deputación de Lugo ou persoa na que delegue.
- A interventora da Deputación de Lugo ou persoa na que delegue.
- A xefa do Servizo de Contratación e Fomento ou persoa na que delegue.
- A xefa do Servizo de Recursos Humanos ou persoa na que delegue.
- A xefa de servizo de Benestar Social e Igualdade ou persoa na que delegue.
- Unha traballadora social de Benestar Social e Igualdade.

2º.- Acordar o inicio do expediente de aprobación da actividade económica do centro de atención a persoas maiores de Becerreá, conforme a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

- Someter a consulta pública previa, por un prazo de 20 días hábiles, a participación dá cidadanía conforme ao establecido no art. 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e recadar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. Demetrio Salgueiro Rapa, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvariño, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org/?pleno=20240924&punto=2>

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, PARA A CESIÓN DE INFORMACIÓN DE CARÁCTER TRIBUTARIO ASÍ COMO DOS DEMÁIS INGRESOS DE DEREITO

PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS E SUBVENCIONS E A CONTRATACIÓN COA ADMINISTRACIÓN.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:

“Logo de ver a proposta da Presidencia, a teor do seguinte texto:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

Visto o escrito remitido dente a Axencia Tributara de Galicia (Exp. 2024/PES_03/017404) no que se solicita a formalización dunha modificación do convenio entre a Axencia Tributaria de Galicia e a Deputación Provincial de Lugo para a cesión de información de carácter tributario así como dos demais ingresos de dereito público para a concesión de axudas e subvencións e a contratación coa administración (e cuxo borrador de modificación do convenio se adxunta coa solicitude) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítese o seguinte informe:

Antecedentes de Feito

Primeiro. Por resolución presidencial, de data 30 de setembro de 2020, aprobouse o texto do convenio entre a Axencia Tributaria de Galicia e a Deputación Provincial de Lugo para a cesión de información de carácter tributario así como dos demais ingresos de dereito público para a concesión de axudas e subvencións e a contratación coa administración.

Segundo. O convenio entre a Axencia Tributaria de Galicia e a Deputación Provincial de Lugo para a cesión de información de carácter tributario así como dos demais ingresos de dereito público para a concesión de axudas e subvencións e a contratación coa administración formalizouse o 7 de outubro de 2020.

Consideracions Xurídico-Administrativas

Primeira. Na cláusula décimo sexta – prazo de vixencia- do convenio de referencia establece literalmente o seguinte:

“Este convenio terá una vixencia de catro anos desde a data da súa sinatura. En calquera momento antes da finalización do prazo previsto anteriormente, as partes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción. (...).”

Segunda: O órgano competente para a aprobación da modificación do convenio é o Pleno en base ao establecido no artigo 57.20 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.

Conclusións:

En base ao anteriormente exposto, tendo en conta que o convenio está vixente -e polo tanto pode ser obxecto de modificación- e que no mesmo prevese a súa prórroga, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento informase favorablemente a aprobación, polo Pleno, do borrador da addenda de modificación do convenio remitido pola Axencia Tributaria de Galicia (código de verificación (IV7U6KROLE5TXSOPUUVGF4BPPY))“.

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propono que polo Pleno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar o borrador da addenda de modificación do convenio de colaboración entre a Axencia Tributaria de Galicia e a Deputación Provincial de Lugo para a cesión de información de carácter tributario así como dos demais ingresos de dereito público para a concesión de axudas e subvencións e a contratación coa administración remitido pola Axencia Tributaria de Galicia (código de verificación (IV7U6KROLE5TXSOPUUVGF4BPPY).

O texto da addenda de modificación do convenio que se aproba é o que se relaciona a continuación:

“ACORDO DE ADDENDA E PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN DE LUGO PARA A CESIÓN DE INFORMACIÓN DE CARÁCTER TRIBUTARIO ASÍ COMO DOS DEMAIS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS E SUBVENCIONS E A CONTRATACIÓN COA ADMINISTRACIÓN

REUNIDOS

Dunha parte, D. Miguel Corgos López-Prado, Conselleiro de Facenda e Administración Pública en virtude do disposto no Decreto 44/2024, de 14 de abril, polo que se nomea conselleiro de Facenda e Administración Pública, e na súa condición de presidente da Axencia Tributaria de Galicia, en uso das facultades que lle atribúe o artigo 14 do Decreto 202/2012, do 18 de outubro, polo que se crea a Axencia Tributaria de Galicia, e doutra, D. José Tomé Roca, na súa condición de Presidente da Deputación de Lugo, en nome e representación da mesma, no exercicio das competencias atribuídas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local.

Recoñécense mutua e reciprocamente ambas as dúas partes a capacidade legal necesaria para formalizar o presente Convenio, a cuxo efecto

EXPOÑEN

I

Que no marco de colaboración mutua que debe presidir as relacións entre as Administracións Públicas e segundo o principio establecido no artigo 3.1.k, 140 e 141 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o representante da Axencia Tributaria de Galicia (en diante Atriga) e da Deputación de Lugo (en diante Deputación) asinaron o 7 de outubro de 2020 un convenio de colaboración para a cesión de información de carácter tributario así como dos demais ingresos de dereito público para a concesión de axudas e subvencións e a contratación coa administración.

O marco legal que posibilita o obxecto deste convenio ven constituído principalmente polo disposto nos artigos 3.2, 34.1g) e 95.1.k) da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

II

Que a cláusula décimo sexta do convenio estipula que este ten unha vixencia de catro anos desde a data da súa firma (07/10/2020) e que en calquera momento antes da finalización do prazo previsto, as partes poden acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

III

Ambas as partes están interesadas en prorrogar o convenio ata o 08/10/2028 así como en modificalo para que a Deputación poda obter os certificados de estar ao corrente de pago coa Xunta de Galicia e os certificados de ter presentado declaración do Imposto sobre o Patrimonio para a concesión de axudas e subvencións públicas e a contratación coas Administracións públicas a través do servizo electrónico centralizado na plataforma de intermediación Pasaxe! da Xunta de Galicia.

A tal efecto, cómpre modificar as cláusulas sétima, oitava, décima, décimo quinta e décimo sexta do devandito convenio para o que se subscribe o presente acordo de prórroga e addenda.

Ademais, engádese a cláusula décimo novena para recoller as obrigas esixidas pola normativa de protección de datos en canto ao tratamento de datos persoais.

Polo exposto, as persoas intervincentes acordan a subscripción do presente acordo de prórroga e addenda do convenio, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Modificación da cláusula sétima do Convenio.

A cláusula sétima do Convenio queda redactada da seguinte forma:

SÉTIMA.- Cesión de información de carácter periódico.

1.- Para o cumprimento das finalidades descritas na cláusula Segunda, subministrarase, coa periodicidade e contido que se detalla, a seguinte información:

<i>INFORMACIÓN</i>	<i>PROCEDIMENTO</i>	<i>PERIODICIDADE</i>
<ul style="list-style-type: none"> - Non ter débedas pendentes en período executivo coa Xunta de Galicia - Non ter presentado declaración do Imposto sobre o Patrimonio ante a Xunta de Galicia 	<i>Axudas e subvencións públicas</i>	<i>Modo síncrono (inmediato)</i>
<ul style="list-style-type: none"> - Non ter débedas pendentes en período executivo coa Xunta de Galicia 	<i>Contratos coas Administracións públicas</i>	<i>Modo síncrono (inmediato)</i>

2. - Os principios de eficiencia e minimización de custos que deben rexer a aplicación do presente Convenio obrigan ao tratamento telemático das solicitudes efectuadas pola Deputación ou polos organismos ou entidades de dereito público dependentes da Deputación. A tal fin, a Atriga en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante Amtega) determinará a aplicación que permita a devandita cesión.

As peticións que se fagan no marco deste convenio deberán conter todos os datos que sexan precisos para identificar claramente aos interesados afectados, a súa autorización expresa para o subministro da información solicitada por parte da Deputación ou polos organismos ou entidades de dereito público dependentes da Deputación, no seu caso, o precepto legal que permite a cesión da información sen consentimento do titular, e o contido concreto da información solicitada, que deberá ser o imprescindible para garantir o axeitado exercicio das funcións que ten atribuídas o ente solicitante da información.

Segunda.- Modificación da cláusula oitava do Convenio.

A cláusula oitava do Convenio queda redactada da seguinte forma:

OITAVA.- Procedemento

A) Fase inicial:

Tras a sinatura do presente convenio os organismos ou entidades de dereito público dependentes da Deputación deberán remitir a Adhesión ao convenio de acordo co disposto na cláusula décimo quinta.

A Deputación, organismos ou entidades de dereito público dependentes da Deputación deberán realizar as adaptacións normativas necesarias para a utilización de Interoperabilidade nos seus procedementos administrativos conforme o previsto nas Leis 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento

administrativo común das administracións públicas e da Lei 40/2015, de 1 de outubro, réxime xurídico do sector público.

B) *Habilitación dos procedementos*

A tal efecto enviarase o formulario de habilitación cumprimentado á Amtega conforme o previsto na guía de axuda á implantación da plataforma de intermediación Pasaxe! nas entidades locais, onde se recollen os datos da entidade e o procedemento ou procedementos para os que se vai a realizar a consulta de servizos.

Unha vez habilitado o servizo recibirá confirmación por parte da Amtega.

C) *Consulta dos servizos*

Unha vez recibida a confirmación da habilitación, previa comprobación da ATRIGA, a Deputación, organismos ou entidades de dereito público dependentes da Deputación poderá realizar as consultas en Pasaxe!

Terceira.- Modificación da cláusula décima do Convenio.

A cláusula décima do Convenio queda redactada da seguinte forma:

DECIMA. – Obriga de sixilo

Cantas autoridades, funcionarios e resto de persoal teñan coñecemento dos datos ou información subministrados en virtude deste Convenio estarán obrigados ao mais estrito e completo sixilo respecto deles. A violación desta obriga implicará incorrer en responsabilidades penais, administrativas e civís que resulten procedentes.

O expediente para coñecer das posibles responsabilidades de calquera índole que se puideran derivar da indebida utilización da información subministrada en execución deste Convenio deberá ser iniciado e concluído, así como esixida a responsabilidade, no seu caso, pola Administración á que pertenza a autoridade, funcionario u outro tipo de persoal responsable de dita utilización.

Cuarta.- Modificación da cláusula décimo quinta do Convenio.

A cláusula décimo quinta do Convenio queda redactada da seguinte forma:

DÉCIMO QUINTA.- cláusula de adhesión

O presente Convenio encóntrase aberto á adhesión a este dos organismos ou entidades de dereito público dependentes da Deputación, en cuxo caso a devandita adhesión deberá ser subscrita polo órgano competente de cada ente e comunicada á Atriga con carácter previo ao inicio do procedemento descrito na cláusula oitava, na que as referencias feitas aos órganos administrativos da Deputación se entenderán realizadas aos correspondentes órganos dos organismos ou entidades de dereito público.

No suposto de adhesión de organismos ou entidades de dereito público dependentes da Deputación, estas asumirán as mesmas obrigas respecto dos seus órganos e persoal que as establecidas para a propia Deputación. En canto a participación, dos organismos ou entidades que se adhiran ao presente convenio, aos efectos previstos na cláusula sétima, oitava e decimo terceira, esta canalizarase a través do/a titular do órgano ou representante designado pola Deputación a tal efecto.

Para elo, formalizarán o Protocolo de Adhesión que se achega como ANEXO I a esta addenda ante a Dirección da ATRIGA. A ATRIGA remitirá copia dos Protocolos de Adhesión á Deputación.

As entidades adheridas ao Convenio terán que tramitar as altas dos seus procedementos de acordo co previsto na cláusula oitava.

As devanditas adhesións serán inscritas no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia regulado no Decreto 126/2006, de 20 de xullo, e será obxecto de publicidade nos termos do artigo 11 da Lei 4/2006, de 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega.

As adhesións ao presente convenio surtirán efectos a partir do día seguinte a súa sinatura e terá a mesma duración que o devandito convenio.

Quinta.- Modificación da cláusula décimo sexta do Convenio.

A cláusula décimo sexta do Convenio queda redactada da seguinte forma:

DÉCIMO SEXTA.- *Prazo de vixencia*

Este convenio terá una vixencia de catro anos desde a data da súa sinatura. En calquera momento antes da finalización do prazo previsto anteriormente, as partes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

Para as causas de resolución e efectos desta observarase o disposto nos artigos 51 e 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O convenio tamén poderá ser resolto por denuncia expresa de calquera das partes con tres meses de preaviso.

Sexta.- Engádesse a cláusula décimo novena relativa ao tratamento de datos persoais.

DÉCIMO NOVENA.- *Tratamentos de datos persoais*

No caso de que a información incorpore datos persoais dos interesados tanto o cedente como o cesionario tratarán os datos de acordo ao Regulamento (UE)2016/679 do Parlamento Europeo e do Consejo de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos) e a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantías dos dereitos dixitais.

Os datos tratados neste Convenio teñen a categoría de información tributaria.

Os tratamentos de datos anteriores á cesión son responsabilidade da Atriga, cedente da información, e os tratamentos posteriores son responsabilidade da Deputación ou dos organismos ou entidades de dereito público dependentes da Deputación, cesionaria da información.

No caso da Atriga, o responsable do Tratamento a efectos do Regulamento xeral de protección de datos é o titular da Dirección da Atriga.

No caso da Deputación ou dos organismos ou entidades de dereito público dependentes da Deputación, cesionaria da información, cada órgano ou organismo ou entidade

autorizado a recibir subministros de información terá designado un Responsable do Tratamento aos efectos do Regulamento xeral de protección de datos.

Sétima.- Prórroga do convenio

Prorrógase para un período comprendido entre o 08/10/2024 e o 08/10/2028 a vixencia do Convenio subscrito entre a Atriga e a Deputación de Lugo para a cesión de información de carácter tributario así como dos demais ingresos de dereito público para a concesión de axudas e subvencións e a contratación coa Administración

O presente acordo de prórroga e addenda será inscrito no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia regulado no Decreto 126/2006, de 20 de xullo, e será obxecto de publicidade nos termos do artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e de bo goberno de Galicia.

Os asinantes prestan o seu consentimento para que os datos persoais que consten no acordo de prórroga e addenda, e mailo resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

E, en proba de conformidade as dúas partes firman o presente acordo de prórroga e addenda do Convenio”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. Demetrio Salgueiro Rapa, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvariño, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org/?pleno=20240924&punto=3>

4.- APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DE 2023, INTEGRADA TAMÉN POLA CONTA XERAL DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO, E ACOMPAÑADA DAS CONTAS ANUAIS CONSOLIDADAS DE 2023, ELABORADAS DE ACORDO CO DISPOSTO NA ORDE HAC/836/2021, DE 9 DE XULLO."

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e especial de Contas, a teor do seguinte texto:

“Pola Presidencia preséntase a seguinte proposta de informe: *“Esta Presidencia, á vista dos informes e documentación obrantes no expediente, e de acordo co artigo 212 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, propón que sexa informada favorablemente a Conta Xeral do Orzamento da Excma. Deputación Provincial de Lugo correspondente ao ano 2023”*. A Interventora xeral introduce a aclaración de que se unen os Estados Consolidados do 2023 que a norma esixe antes da aprobación da Conta Xeral.

Examinada a Conta Xeral do Orzamento da Excma. Deputación Provincial de Lugo correspondente ao ano 2023, proponse emitir informe favorable e sometela ao Pleno da Corporación para a súa aprobación definitiva, se procede”.

A Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, por maioría, coa abstención dos señores deputados don José Demetrio Salgueiro Rapa, don Armando Castosa Alvariño e don Francisco Javier Balado Teijeiro, membros do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós señores deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org/?pleno=20240924&punto=4>

--oo0oo—

5.- PROPOSTA DE GOBERNO RECLAMANDO Á XUNTA DE GALICIA MEDIDAS DE RESPONSA FRONTE ÁS CARENCIAS DETECTADAS NO INICIO DO CURSO ACADÉMICO 2024-2025.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta de Goberno, que textualmente di o seguinte:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, e o Deputado Provincial D. Daniel García Fernández, na súa condición de voceiro do BNG na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte

Proposta de Goberno reclamando á Xunta de Galicia medidas de resposta fronte ás carencias detectadas no inicio do curso académico 2024/25

Un ano máis, como ven sendo costume dende 2009, o inicio do curso académico en Galicia revela a distancia que medra entre a actitude triunfalista da Xunta e as carencias que denuncia as familias, os mestres e a comunidade educativa no seu conxunto.

O conselleiro presume dunha cifra récord de profesores, 31.603 este ano, mentres ó longo da xeografía galega, centros e familias queixan da falta de docentes. Cumpre preguntar de qué vale un suposto récord se non cubre as necesidades reais dos nenos e nenas. E apuntar que, unha vez máis os colexios do rural seguen a ser os máis prexudicados pero non son os únicos, temos centros afectados en Portomarín, O Vicedo, Samos, A Pobra de Brollón, Chantada, Ribeira de Lea, A Pastoriza, Lugo, Monforte de Lemos, Sober, Abadín, Ribas de Sil, Xove, Guntín, Guitiriz, entre outros.

A Xunta ofertaba nas últimas oposicións 1.512 prazas de novos profesores, pero só cubriu 1.256. ¿As 256 prazas non cubertas eran un capricho administrativo? ¿Non obedecían a necesidades reais? ¿Non hai entón unha falla de profesores?

O certo e que a propia Xunta recoñece pola vía dos feitos a realidade das queixas que dende hai anos lle plantexa a comunidade educativa, anunciando por exemplo a contratación de 400 profesores de apoio, para nenos con necesidades educativas especiais. O PP actúa agora cando reiteradamente negaba que houbera esa carencia, e asegurando que todos os nenos con necesidades especiais tiñan profesores de apoio. Veremos, ademais, en que quedan estes anuncios, porque este reforzo se plantexa só por catro anos e xa se di que 200 profesores non chegarán ata outubro, o que parece un mal presaxio e abrir a porta a maiores retrasos.

Finalmente, o grande argumento estrela deste ano, a gratuidade das matrículas, dende infantil ata os estudos universitarios, é outra gran cortina de fume para tapar eivas. Dicar que a educación infantil é de balde é un xeito de agochar a falta de prazas públicas en escolas infantís. A Xunta asegura que cas 32.000 prazas dispoñibles, sumando a oferta pública e privada, está escolarizado o 56,4% dos nenos entre 0 e 3 anos. Se as cifras que ofrece a Xunta son fiables, a aplicación dunha simple regra de tres revela que farían falla máis de 25.000 prazas en garderías para atender ó cen por cen da poboación infantil e atender as necesidades de conciliación das familias.

E non se pode falar de gratuidade na educación primaria e na ESO mentres unha familia tipo segue a gastar de media uns 600€ en libros, polo capricho ideolóxico

duns gobernos conservadores que retiraron no 2009 unha medida aprobada polo goberno progresista de Emilio Pérez Touriño que era non só beneficiosa para as familias senón perfectamente viable.

Por iso sometemos para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Proposta de Goberno pola que a Deputación Provincial de Lugo reclama á Xunta de Galicia:

- Que atenda as demandas de falla de profesorado que neste inicio de curso están a denunciar os centros educativos, nomeadamente os do rural
- Que recupere a gratuidade dos libros de texto na educación obrigatoria tal e como fixo o goberno progresista de Emilio Pérez Touriño
- Que garanta a presenza de profesores de apoio para todos os nenos con necesidades educativas especiais
- Que cumpra as ratios de alumnos por aula pactados cos sindicatos educativos
- Que presente un plan para incrementar as prazas de educación infantil ata garantir a plena escolarización nesa franxa de idade”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. Demetrio Salgueiro Rapa, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvariño, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós señores deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org/?pleno=20240924&punto=5>

A continuación por parte do Sr. Presidente proponse, dado que se trata de mocións de contido similar, o debate conxunto e votación separada dos puntos números seis e sete da orde do día, sendo aprobada a dita proposta por tódolos Grupos Políticos da Corporación.

6.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA RECLAMANDO Á XUNTA DE GALICIA MEDIDAS PARA EVITAR A SUBA DA TAXA DE TRATAMENTO DE LIXO ÓS CONCELLOS.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista, indicada no epígrafe, do seguinte teor:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista reclamando á Xunta de Galicia medidas para evitar a suba da taxa de tratamento de lixo ós concellos.

A sociedade Xestora de residuos de Galicia SOGAMA que xestiona os residuos de 295 concellos galegos estableceu en 2019 a bonificación do 10% no canon de lixo aos Concellos que se comprometeran a reducir o volume de lixo e envases lixeiros así coma a repercutir esta rebaixa nos recibos á veciñanza. Desta proposta beneficiáronse os Concellos galegos que reduciron a cantidade de lixo xerado cumprindo un dos principios fundamentais na xerarquía de residuos, polo tanto facendo ben os deberes medioambientais.

Na lei de acompañamento dos orzamentos 2023 coñecíamos a intención de SOGAMA de suprimir esta bonificación amparándose no aumento dos custos de luz e gas da súas instalacións, pero ante a resposta social e por parte dos concellos que esta medida ocasionou, finalmente o goberno galego tivo que recuar e substituíu esta medida pola bonificación do 15% condicionada esta vez especificamente á implantación do contedor marrón e ao traslado aos recibos da rebaixa.

No pasado mes de Xuño de 2024 SOGAMA anunciou a eliminación desta bonificación do canon para os meses que quedan de 2024. A consecuencia disto dende o mes de Xullo a taxa de SOGAMA aos Concellos quedou fixada en 66 euros por tonelada suprimindo ademais a rebaixa do 15 % da que se beneficiaban 118 municipios pola implantación do contedor marrón. Esta cantidade de 66€ calculouse facendo unha media cos 68,05 euros de xaneiro a xuño e os 88,05 euros estimados para a segunda metade do ano. A media serían 78 euros pero lle restan os 12 euros procedentes do fondo de cooperación local.

Neste momento o goberno galego está a aplicar esta suba a pesar do malestar existente nos concellos e anuncia novamente que no ano 2025 incrementará a cota que pasará dos 66 euros actuais a 108 €, o que vai ocasionar un gran impacto nas arcas municipais e en consecuencia tamén no recibo da veciñanza. O motivo que alega a entidade para xustificar esta suba é o imposto estatal regulado na Lei 7/22, de 8 de abril, de Residuos y suelos contaminados que provoca uns sobrecostos imposibles de

asumir, botando a culpa disto ao goberno de España. A realidade é que esta lei ven regular un imposto que impón unha Directiva Europea do ano 2018 que grava a incineración e o depósito en vertedoiro por ser as formas medioambientalmente menos recomendables para a xestión de residuos e que na actualidade son as formas preferentes de SOGAMA a pesar de estar prohibido por lei (Incineración 60%; Vertedoiro 21%). Isto obriga a SOGAMA ter que asumir o imposto pola súa obsoleta xestión e por non ter mudado en todo este tempo (dende o ano 2010) a forma de tratar os residuos.

Pero a pesar desta carga impositiva (cuxa recadación está transferida á Xunta de Galicia) nos orzamentos da Xunta 2024 se estima que a empresa terá uns beneficios anuais de aproximadamente 300.000 € polo que non é certo que sexa deficitaria. A Xunta non está a cumprir as recomendacións europeas no referente á xestión de residuos e isto fai que esteamos moi lonxe de cumprir os obxectivos de redución e reciclaxe marcados.

Dende o grupo municipal socialista denunciámos esta situación e esiximos ao goberno galego que mude a súa política de xestión de residuos cara unha xestión descentralizada con plantas de proximidade; e primando a redución e a reciclaxe fronte á incineración e o depósito en vertedoiro, axudando economicamente aos concellos para a implantación do contedor marrón ou formas análogas de tratamento diferenciado dos residuos orgánicos. E por suposto non grave aos concellos que levan dende o ano 2019 facendo os deberes cumprindo os compromisos medioambientais coa supresión do 15% da bonificación do canon. Nin utilice o fondo de cooperación local, cuxo obxecto é levar a cabo investimentos nos diferentes concellos, para compensar o gravame derivado da súa nefasta xestión.

Dende o Grupo Provincial Socialista de Lugo, queremos sumarnos ó rexeitamento a suba do canon de Sogama que os concellos galegos, a través da FEGAMP, veñen expresando dende hai meses. Por iso sometemos para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta:

- Manter o canon establecido aos concellos galegos adscritos á xestión de residuos en Sogama de 66,00 euros por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente ao imposto sobre o valor engadido.
- Manter a anterior bonificación do 15 % deste canon unitario, cos mesmos requisitos, resultando así un canon bonificado de 56,10 euros por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente ao imposto sobre o valor engadido.

- Que se reparta a contía de 12,1M€ en concepto de Fondo Ambiental entre todos os concellos galegos, utilizando como criterio de reparto o número de toneladas depositadas por cada concello. Trátase de diñeiro que pertence ás entidades locais ao seren detraído do Fondo de Cooperación Local.
- Que achegue a SOGAMA a cantidade total recadada en concepto de imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros, a incineración e a co-incineración de residuos para implementar bonificacións no canon dos concellos. Deste xeito, cumprir os obxectivos marcados coa creación deste tributo, como poden ser promover a redución da produción de lixo e/ou incrementar a reciclaxe dos envases lixeiros, trasladar esta rebaixa aos recibos da veciñanza e implantar a recollida separada da materia orgánica e instaurar un programa de compostaxe domiciliario e/ou comunitario en concellos.
- Incrementar as subvencións aos concellos para a implantación de medidas que contribúan á reciclaxe dos biorresiduos, na medida en que boa parte dos pequenos concellos non dispoñen dos recursos para a implantación da recollida selectiva da fracción orgánica.
- Que se constitúa unha comisión de traballo entre SOGAMA, as consellerías de Medio Ambiente e Facenda e a FEGAMP para determinar as condicións do canon para o ano 2025 -antes da aprobación do Proxecto de Orzamentos da Comunidade Autónoma para ese ano- e debater sobre o cambio de modelo de xestión de residuos en Galicia, incluíndo o debate sobre a fórmula que permita a cada concello, con independencia da súa dimensión, acceder á redución do canon aínda que non incorpore o quinto contedor, e valorando para a aplicación desa redución o compromiso de cada concello na aplicación da compostaxe individual ou comunitaria ou financiando modelos de xestión alternativos.
- Ampliar as plantas de biorresiduos existentes como estaba previsto no Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2022 para favorecer a xestión de proximidade. orgánica a través do quinto contedor e instaurar un programa de compostaxe domiciliario e/ou comunitario en concellos”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. Demetrio Salgueiro Rapa, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvariño, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial Popular preséntase unha emenda de substitución, do seguinte teor:

“O Grupo Provincial Popular propón substituír o texto da proposta de acordo de xeito que este quede da seguinte forma:

O Pleno da Deputación Provincial de Lugo acorda:

- 1.- Esixir ao Goberno central que dea marcha atrás e suprima todos os impostos que gravan a actividade do tratamento de residuos.
- 2.- Esixir ao goberno central que recupere a retribución ao investimento da planta termoeléctrica de Sogama, ao que tiña dereito ata o final da súa vida útil (2026).
- 3.- Unha vez que o Goberno central atenda estas peticións, esixir a Sogama que se comprometa a non aplicar a suba prevista para 2025”.

A emenda non é aceptada polo Grupo propoñente da moción.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial do Partido Popular).

Téndose producido empate de votos a favor e en contra, de acordo co sinalado no artigo 120 do Regulamento Orgánico da Corporación, o Presidente manifesta que se efectuará unha nova votación.

Efectuada unha segunda votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Pleno da Corporación por maioría, co voto de calidade do Presidente, acorda prestar aprobación á moción presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org/?pleno=20240924&punto=6>

7.- MOCIÓN DO BNG PARA O REXEITAMENTO DA SUBIDA DO CANON DE SOGAMA E POR UN NOVO MODELO DE XESTIÓN DE RESÍDUOS.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, a teor do seguinte texto:

“Logo de ver a moción do BNG sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“A Deputada Provincial D. Iria Castro Fernández, na súa calidade de Deputada e en representación do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo (BNG) e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción para o rexeitamento da subida do canon de SOGAMA e por un novo modelo de xestión de residuos.

Exposición de Motivos:

O anuncio da Xunta de Galiza do incremento do canon de SOGAMA para 2025, logo da suba xa aprobada en xullo de 2024, suporía un incremento acumulado de máis do 60%; o canon tipo pasaría dos 68 euros/tonelada da primeira metade de 2024 (coa bonificación do 15% , máis de 100 concellos pagaban 56 euros) aos 108 euros en 2025. Un auténtico “sablazo” e un atraco que merece unha resposta contundente por parte das entidades locais.

No outono de 2022 a Xunta incluíu no borrador de orzamentos para 2023 a supresión da bonificación do 10% do canon para aqueles concellos que implantasen a recollida separada dos biorresiduos e repercutisen a bonificación nos recibos que paga a veciñanza. Logo dun rexeitamento xeneralizado en vésperas das municipais, Rueda anunciou no parlamento o incremento da bonificación até o 15% nos concellos con recollida separada de biorresiduos e quinto colector ou colector marrón, medida que se comezou a aplicar no ano 2023.

A mediados do ano 2024 a Xunta elimina a bonificación e incrementa o canon nun 30%, dos 68 aos 88 euros por tonelada (os concellos con bonificación do 15% pagaban 56 euros por tonelada).

E agora anuncia un novo “taxazo” para 2025 que elevaría a factura até os 108 euros (suponse que a medida tramitarase na lei de acompañamento dos orzamentos de 2025).

Desde o BNG consideramos que este incremento unilateral, desproporcionado e abusivo do canon aos concellos é consecuencia do fracaso estrepitoso do sistema SOGAMA, baseado en solucións finalistas como a incineración e o depósito en vertedoiro, penalizados pola normativa europea de residuos.

A Xunta xustifica a necesidade deste incremento polo desfase nas contas de SOGAMA como consecuencia de decisións do goberno central, que tiveron unha repercusión de 21,3 millóns de euros nas contas da empresa en 2023. Aínda que a Xunta procure excusas e xustificacións externas, a causa do desfase económico de SOGAMA e dos seus números vermellos é a ineficiencia e o elevado custo do transporte, a xestión

centralizada e a incineración de residuos, e, sobre todo, o erro que supón optar en exclusiva pola opción absolutamente superada da incineración.

O modelo de Sogama é obsoleto, centralizado e antiecolóxico, como demostra o feito de que Galiza se sitúe á cola en reciclaxe, lonxe aínda dos criterios que marca Europa, pois a porcentaxe de reciclaxe en Sogama no 2020 foi do 21%, cando a UE marcaba case o 50%. Somos a segunda peor comunidade do Estado en cifras de reciclaxe, xa que o propio plan da Xunta prorrogado até 2022, establecía a necesidade de tratar mediante compostaxe 245.000 toneladas cando a cifra oficial de 2022 apunta a que só se chegou ás 3.000.

En lugar de abrir un debate sobre a cuestión dos residuos e introducir cambios no sistema de xestión para adaptalo ás esixencias da directiva marco de residuos, a Xunta opta por facerlle pagar aos concellos o fracaso dun sistema centralizado, obsoleto, moi custoso e antiecolóxico. A Xunta opta pola solución fácil dun novo “sablazo” aos concellos, seguindo coa súa especialidade de buscar culpables en lugar de propoñer solucións.

o novo “taxazo” anunciado para o 2025 (que levará o canon a 108 euros por tonelada), o que supón un incremento total de máis do 60% de media en poucos meses (o incremento é maior para os máis de 100 concellos que pagaban un canon bonificado de 56 euros por tonelada a cambio de implantar a recollida separada dos biorresiduos).

Por todo isto, o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Rexeitamento aos “taxazos” de SOGAMA (o aprobado en xullo e o anunciado para 2025) que a Xunta de Galiza pretende aprobar.

2º.- Instar a un xiro na política de residuos, primando e incentivando a recollida selectiva, a reutilización e a reciclaxe, fronte ao custoso e antiecolóxico sistema SOGAMA baseado na incineración.

3º.- Solicitar a creación dunha comisión de traballo entre SOGAMA, as consellerías de Medio Ambiente e Facenda e a FEGAMP, para determinar as condicións do Canon para o ano 2025 -antes da aprobación do Proxecto de Orzamentos da Comunidade Autónoma para ese ano – e debater sobre o cambio de modelo de xestión de residuos en Galiza, incluíndo o debate sobre a fórmula que permita a cada concello, con independencia da súa dimensión, acceder á redución do canon e valorando para a aplicación desa redución o compromiso de cada concello na aplicación da compostaxe

individual ou comunitaria, ou financiando modelos de xestión alternativos nos que se debe primar o tratamento de proximidade dos biorresiduos, con sistemas de compostaxe domiciliaria e comunitaria”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. Demetrio Salgueiro Rapa, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvariño, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial Popular preséntase unha emenda de substitución, do seguinte teor:

“O Grupo Provincial Popular propón substituír o texto da proposta de acordo de xeito que este quede da seguinte forma:

O Pleno da Deputación Provincial de Lugo acorda:

- 1.- Esixir ao Goberno central que dea marcha atrás e suprima todos os impostos que gravan a actividade do tratamento de residuos.
- 2.- Esixir ao goberno central que recupere a retribución ao investimento da planta termoeléctrica de Sogama, ao que tiña dereito ata o final da súa vida útil (2026).
- 3.- Unha vez que o Goberno central atenda estas peticións, esixir a Sogama que se comprometa a non aplicar a suba prevista para 2025”.

A emenda non é aceptada polo Grupo proponente da moción.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial do Partido Popular).

Téndose producido empate de votos a favor e en contra, de acordo co sinalado no artigo 120 do Regulamento Orgánico da Corporación, o Presidente manifesta que se efectuará unha nova votación.

Efectuada unha segunda votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Pleno da Corporación por maioría, co voto de calidade do

Presidente, acorda prestar aprobación á moción presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org/?pleno=20240924&punto=7>

8.- MOCIÓN DO BNG PARA DEMANDAR DA XUNTA DE GALIZA MEDIDAS URXENTES NA LOITA DAS GANDERÍAS DE VACÚN CONTRA A EHE (ENFERMIDADE HEMORRÁXICA EPIZOÓTICA).

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do BNG sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“A Deputada Provincial D. Iria Castro Fernández, na súa calidade de Deputada e en representación do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo (BNG) e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción para demandar da Xunta de Galiza medidas urxentes na loita das ganderías de vacún contra a EHE (Enfermidade Hemorráxica Epizoótica)

Exposición de Motivos:

Dende o grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego en Lugo, vimos denunciando o abandono ao que a Xunta de Galiza está sometendo aos noso sector gandeiro cunha despreocupación e improvisación manifesta en problemas tan graves como a xestión da propagación da enfermidade hemorráxica epizoótica, da lingua azul ou da xestión dos baleirados sanitarios por tuberculose bovina, que trouxemos a este mesmo pleno no pasado mes de abril.

A enfermidade hemorráxica epizoótica (EHE) é causada por un virus da familia *Reoviridae*, do xénero *Orbivirus*, e trátase dunha proceso infeccioso, non contaxioso, transmitido por vectores (*Culipoides spp.*). O ciclo biolóxico destes mosquitos picadores actívase coa subida das temperaturas, despois dunha pausa invernal larvaria na auga, do que podemos deducir que coa chegada da primavera e o verán o número de casos irá en aumento no país.

Dita doenza afecta tanto a ruminantes domésticos coma salvaxes, dando lugar a unha clínica moderada e autolimitante, aínda que nalgúns casos pode derivar en secuelas ou incluso a morte (1% mortalidade media, cunha morbilidade media do 7,5%). Trátase dunha enfermidade de declaración obrigatoria e o seu período de incubación oscila entre os 2 e os 10 días.

En Galiza os primeiros casos detectáronse en setembro do 2023, e concellos da provincia de A Coruña, data dende a cal se continuaron confirmando positivos, afectando a todas as provincias, ata reducirse considerablemente pola chegada das estacións frías, onde o vector é menos activo e o *risco diminúe de xeito evidente, aínda que non total*.

A incidencia prevíase maior nesta tempada do verán de 2024 pero, malia iso, dende o Goberno da Xunta as escasas medidas paliativas e as nulas medidas preventivas non chegaron a tempo para ser efectivas e os gandeiros comezaron a sufrila sen estar preparados para a nova vaga de casos que comezou na primavera no sur de Galiza.

Dende a Xunta de Galiza habilitáronse en 2023 indemnizacións paliativas pola morte dos animais afectados pola doenza, para as cales se destinaron, segundo a súa propia páxina web 196.000 euros, que aínda non foron percibidas por parte dos afectados.

Se se comparan coas axudas recibidas no resto do estado español, que tamén cobren o custe dos tratamentos veterinarios dos animais ou as desinsectacións de prevención, son unha cifra excesivamente discreta para o número de casos totais da enfermidade.

Estes son os máis preocupantes, xa que a media de gasto por animal que estea afectado e cuxos síntomas se deban tratar é de 400 euros aproximadamente, que as ganderías terán que custear en Galiza, sen axudas ou compensacións por parte da Consellería de Medio Rural.

Hai exemplos coma Extremadura, que destinou máis de 7 millóns de euros repartidos entre 2.700 afectados; ou os 3 millóns de euros que o goberno de Asturias aportou para complementar as axudas estatais e que son de carácter retroactivo, ou os 6 millóns de euros que a Xunta de Castela e León aprobou en axudas directas aos gandeiros afectados para facerlle fronte a gastos de mortes, limpeza, desinsectación ou desinfección das granxas afectadas.

Coa chegada do verán de 2024 apareceron os primeiros casos na provincia de Ourense, que foron avanzando ata situarse nas terras de Lugo en 5 comarcas eminentemente gandeiras (Os Ancares, Sarria, Terra de Lemos, Lugo e A Fonsagrada), con resultados dramáticos para os animais e por extensión para os propietarios, que se atopan nunha situación de desesperación absoluta pola elevada morbilidade que a enfermidade está mostrando nesta tempada.

A propia Xunta de Galiza recoñece afectación directa en 15 comarcas veterinarias do país, con 381 positivos confirmados en laboratorio e 195 granxas afectadas.

Ao tratarse dunha enfermidade vírica non existe tratamento máis que paliar os síntomas, máis recentemente a AEMPS ven de autorizar unha vacina coa que poder previr a doenza e facerlle fronte ao verán, que está actualmente a disposición para a súa comercialización, suxeita a prescrición veterinaria e que, acompañada da prevención serán as ferramentas chave para facerlle fronte a nova tempada de EHE que se acaba de iniciar para esta Enfermidade de Declaración Obrigatoria recollida no RD 779/2023.

Por todo isto, o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Esixir á Xunta de Galiza que fixe unha partida orzamentaria destinada a indemnizar os casos de EHE, tanto os que rematen coa morte do animal coma os tratamentos destinados a paliar os síntomas da enfermidade e os servizos veterinarios derivados do seu tratamento sanitario e das medidas preventivas dispostas, con carácter retroactivo para a presente anualidade.

2º.- Demandar da Xunta de Galiza que subvencione a vacinación voluntaria contra o virus da EHE, para todas aquelas ganderías que soliciten as doses, custeando o tratamento e o servizo veterinario derivado da vacinación, favorecendo a inmunización da cabana gandeira galega.

3º.- Pedir que a Xunta de Galiza estableza un plan de acción preventivo e de detección de cara á vindeira anualidade 2025, e que execute unha campaña informativa e de sensibilización de boas prácticas para evitar o contaxio do gando e favorecer a detección precoz da mesma, a efectos de evitar a propagación dos contaxios.

4º.- Instar a que a Xunta de Galiza realice un estudo de incidencia da EHE nas catro provincias, por comarcas, para determinar as accións preventivas e de protocolo de actuación a executar nas próximas campañas, co obxectivo de acoutar as zonas de alta inmunización, media e baixa, para fomentar o uso da vacina nas áreas de menor incidencia previa e evitar as perdas económicas derivadas da doenza.

5º.- Solicitar, de xeito urxente, ao goberno do Estado a reunión do Comité Nacional do Sistema de Alerta Veterinaria de España (RASVE) para debater o estado da enfermidade hemorráxica epizoótica e as posibles solucións, dando lugar a medidas urxentes para frear o seu avance e destinadas a paliar os seus efectos en todos os aspectos sobre os que inflúe, cos correspondentes acordos orzamentarios para a súa execución.

6º.- Solicitar ao goberno do Estado, segundo o disposto no artigo 6 do RD1440/2001, a colaboración e coordinación da comisión de carácter técnico da RASVE, que tivo unha reunión sobre distintas enfermidades en xaneiro do 2024 para actualizar o estado do territorio español e países limítrofes”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. Demetrio Salgueiro Rapa, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvariño, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á moción presentada.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org/?pleno=20240924&punto=8>

9.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR, PARA O REPARTO CON CRITERIOS IGUALITARIOS DOS FONDOS PROCEDENTES DA LIQUIDACIÓN DEFINITIVA DA PARTICIPACIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS NOS TRIBUTOS DO ESTADO DO ANO 2022.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, a teor do seguinte texto:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular, sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial Popular para o reparto con criterios igualitarios dos fondos procedentes da liquidación definitiva da participación das entidades locais nos tributos do Estado do ano 2022.

Exposición de Motivos:

As administracións públicas contan cun orzamento anual que, en ocasións, vese modificado coa chegada de fondos procedentes doutros entes públicos o que axuda a poder mellorar a atención que se dá aos cidadás.

A Deputación de Lugo conta este ano cun ingreso extra de case 22M€ (21.756.212,86€), fondos procedentes da Liquidación definitiva da participación das

entidades locais nos tributos do Estado do ano 2022 dos cales se ingresaron nas contas de Deputación de Lugo nas últimas datas preto de 20M€ (19.634.185,52€), unha partida moi importante que debe redundar nunha mellora das condicións de vida e dos servizos que se prestan aos veciños da provincia.

Unha das competencias propias da Deputación de Lugo, segundo o artigo 36. b) da *Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local* é a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión. Polo que se debería dirixir unha parte dos fondos a aumentar a partida orzamentaria do Plan Deputación dirixido a tódolos Concellos da provincia.

Este Plan de colaboración cos Concellos da provincia de Lugo é, dos que se aplican a día de hoxe nesta Deputación, o medio máis xusto e igualitario para o reparto de fondos entre os diferentes municipios, polo que o máis acaído é que en torno ao 50% da Liquidación definitiva da participación das entidades locais nos tributos do Estado do ano 2022 se engada a este Plan para que todos os veciños dos distintos municipios lucenses teñan as mesmas oportunidades.

A Deputación de Lugo, como calquera administración pública, tamén debe xestionar e conservar os bens da súa titularidade como é o caso da rede viaria provincial, a máis extensa de España; un labor que o goberno provincial non está a realizar coa dilixencia que se debe agardar. Son moitos os municipios da provincia que ven como as estradas de titularidade provincial que vertebran o seu concello están cheas de fochancas, son estreitas ou, en pleno mes de setembro, aínda non se rozaron as súas marxes, incluso son ata perigosas para os condutores que por elas transitan.

Ao realizar esta consideración, un dos obxectivos aos que se deberían de destinar a parte restante destes fondos é ao mantemento da rede viaria provincial. Contar cunha rede de infraestruturas viarias en bo estado é fundamental para garantir a seguridade dos condutores así como para favorecer o crecemento económico da provincia.

Tendo en conta esta situación e este ingreso procedente da Liquidación definitiva da participación das entidades locais nos tributos do Estado do ano 2022 o goberno da Deputación de Lugo debería considerar empregar unha parte destes fondos na mellora e mantemento da rede viaria da súa titularidade.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

O Pleno da Deputación Provincial de Lugo insta ao equipo de goberno a destinar os 19.634.185,52€ ingresados no mes de agosto do presente ano procedentes da

Liquidación definitiva da participación das entidades locais nos tributos do Estado do ano 2022 repartidos ao 50% para a mellora e o mantemento da rede viaria provincial incrementando a partida 45.30 para estradas do orzamento da Deputación de Lugo para o 2024 e o incremento dos fondos destinados ao Plan Deputación a través dunha liña adicional”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención do Ilmo. Sr. Presidente D. José Tomé Roca, e dos/as señores/as deputados/as D^a. María del Pilar García Porto, D. Francisco Cajoto Caserío e D^a. Marisol Morandeira Morandeira, representantes do Grupo Provincial Socialista, e da señora Deputada dona Iria Castro Fernández, representantes do Grupo Provincial do BNG, acorda ditaminar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG).

Téndose producido empate de votos a favor e en contra, de acordo co sinalado no artigo 120 do Regulamento Orgánico da Corporación, o Presidente manifesta que se efectuará unha nova votación.

Efectuada unha segunda votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Pleno da Corporación por maioría, co voto de calidade do Presidente, acorda rexeitar a moción presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org/?pleno=20240924&punto=9>

10.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA RECLAMAR AO GOBERNO DE ESPAÑA SERVIZOS FERROVIARIOS DE CALIDADE PARA A PROVINCIA DE LUGO.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular, sinalada no epígrafe, a teor do seguinte texto:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción do Grupo Provincial Popular para reclamar ao Goberno de España servizos ferroviarios de calidade para a provincia de Lugo

Exposición de Motivos:

O tren na provincia de Lugo vive o peor momento da súa historia. E isto demostra o afastado que está o Goberno de España da realidade da nosa provincia en relación ás infraestruturas e servizos ferroviarios porque o ministro de Transportes y Movilidad Sostenible, Óscar Puente, manifestou en varias ocasións exactamente o contrario: que ‘*el tren vive en España el mejor momento de su historia*’.

Lugo é a única provincia e a única capital de provincia que queda sen acceso á alta velocidade ferroviaria entre as provincias do noso redor porque o actual trazado da liña entre Lugo e Ourense non permite alcanzar nin alta velocidade nin velocidade alta. As actuais obras de modernización e electrificación (que arrastran atrasos e mantén pechada a liña entre Ourense e Monforte dende novembro do 2022) non supoñen melloras no trazado e, ademais, o Goberno de Pedro Sánchez rexeitou construír as variantes que proxectaba o anterior Goberno do Partido Popular nos Peares-Canabal e Rubián e que si permitirían reducir o tempo da viaxe entre Lugo e Ourense.

A isto hai que engadir que nos últimos anos se perderon servizos ferroviarios (algúns deles eliminados durante a pandemia): o tren-hotel a Madrid e Barcelona, o tren Arco directo Lugo-Bilbao, a unidade con Ponferrada polas mañás, unha das catro liñas diarias de Lugo a Madrid e a conexión con Lugo do AVE que chega a Ourense ás 23.00 horas. Ademais, a atención presencial nas estacións foi substituída por atención telemática a través dunha pantalla.

Ademais, a liña de ancho métrico (FEVE) que comunica o norte da península e pasa pola Mariña lucense tamén viu reducidos os seus servizos ademais de sufrir as consecuencias dun material rodante obsoleto e o agravio comparativo da liña que une Ribadeo con Ferrol con respecto aos tramos en Asturias e Cantabria onde o Goberno de España compensa aos usuarios coa gratuidade do servizo polos atrasos na renovación dos trens.

A situación actual das infraestruturas ferroviarias na provincia está claramente definida polas decisións do Goberno de Pedro Sánchez que derivan no illamento da alta velocidade e a perda de servizos nos últimos anos que se engade ao atraso e a

paralización de obras en marcha. Ademais dos atrasos na modernización e electrificación das liñas Ourense-Lugo e Lugo-A Coruña, as obras de supresión de pasos a nivel (que deben contemplar a execución de novos accesos para garantir unha comunicación segura entre ambas marxes da vía) están paralizadas. É o caso dos pasos a nivel do núcleo de Recimil, no Concello de Lugo, onde o ano pasado se rexistrou un accidente no que perderon a vida dous mozos.

Por motivos de seguridade este tipo de actuacións non se deben dilatar no tempo igual que tampouco o estudo de viabilidade para unir Lugo e Santiago por tren que o Goberno de España vén de licitar recentemente e ao que se debería unir outro estudo para determinar a viabilidade de unir a liña Lugo-A Coruña coa da Mariña de forma que se permita a conexión ferroviaria entre as distintas zonas da provincia.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

O Pleno da Deputación Provincial de Lugo insta ao equipo de goberno a demandar ao Goberno de España:

- Que restableza e reforce os servizos ferroviarios que posibilitan a mobilidade dos galegos, tanto no interior coma co resto de España, en particular, recuperando as frecuencias suprimidas pola pandemia e adoptando as medidas necesarias para que a oferta dispoñible en conexións e horarios responda ás necesidades reais de cidadanía.
- Que incremente as prazas nas conexións ferroviarias con maior demanda e realicen os investimentos necesarios nas infraestruturas ferroviarias para garantir un servizo moderno e de calidade nas instalacións e nos trens.
- Que garanta que a provincia e a cidade de Lugo accedan en pé de igualdade co resto do territorio á alta velocidade e á intermodalidade, para o que se estima imprescindible a execución das variantes ferroviarias dos Peares-Canaval e Rubián.
- Que preste especial atención, debido á súa situación de precariedade na que se atopan, aos corredores ferroviarios de Coruña-Lugo-Monforte ou o Vigo-Ourense-Monforte evitando a perda progresiva de servizos, así como ás conexións entre Lugo e Madrid, e co País Vasco e Cataluña.
- Que garanta a supresión de todos os pasos a nivel comprometidos, desbloqueando as obras paralizadas nalgúns deles, e a construción de accesos alternativos que favorezan a comunicación entre as marxes das vías de forma segura

- Que impulse a liña de ancho métrico (FEVE) entre Ribadeo e Ferrol a través da mellora da calidade do servizo e o incremento de frecuencias, a modernización do material rodante e a corrección do agravio a Galicia con respecto á gratuidade do servizo para Asturias e Cantabria en compensación polo atraso na renovación dos trens.
- Que axilice o estudo de viabilidade dos proxectos para a conexión entre Lugo e Santiago por ferrocarril e impulse outro estudo de viabilidade para a conexión da liña entre Lugo-A Coruña coa Mariña lucense.
- Que dea cumprimento aos compromisos adquiridos na xuntanza celebrada o pasado xuño sobre a designación dun interlocutor para requirir información e explicacións sobre as constantes incidencias que se rexistran no transporte ferroviario en Galicia, a remisión do Plan director do Corredor Atlántico e a creación do grupo de traballo técnico entre Xunta e Goberno central para avanzar nos proxectos previstos e analizar as necesidades detectadas.
- Que reprobe ao ministro de Transportes e Mobilidade Sostible polas declaracións realizadas durante a súa comparecencia nas Cortes Xerais nas que, lonxe de asumir o caos do transportes ferroviario rexistrado durante este verán, asegurou que “o tren vive en España o mellor momento da súa historia”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención do Ilmo. Sr. Presidente D. José Tomé Roca, e dos/as señores/as deputados/as D^a. María del Pilar García Porto, D. Francisco Cajoto Caserío e D^a. Marisol Morandeira Morandeira, representantes do Grupo Provincial Socialista, e da señora Deputada dona Iria Castro Fernández, representantes do Grupo Provincial do BNG, acorda ditaminar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial do BNG preséntase unha emenda de engádega, do seguinte teor:

“Incluir no contido da proposta de acordo da referida moción as seguintes demandas:

Demandar da Xunta de Galiza a creación dun ente que promova e xestione unha auténtica rede galega de ferrocarrís e tren de proximidade galego (GALTREN)”.

A emenda é rexeitada polo Grupo proponente da moción.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo

Provincial do Partido Popular); votos en contra, 10 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista); abstencións, 2 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org/?pleno=20240924&punto=10>

ASUNTO DE URXENCIA

Intervén o Sr. Presidente para manifestar que se vai someter á consideración do Pleno unha moción de urxencia presentada polo Grupo Provincial Popular en relación coa Protectora de Animais e Plantas de Lugo; polo que se procederá en primeiro lugar á xustificación e votación da declaración de urxencia da mesma.

Moción do Grupo Provincial Popular para cumprir o acordo plenario sobre a regularización e ampliación urxente das actuais instalación da Protectora de Animais e Plantas de Lugo.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción de urxencia para cumprir o acordo plenario sobre a regularización e ampliación urxente das actuais instalacións da Protectora de Animais e Plantas de Lugo

Xustificación da Urxencia

A urxencia vén motivada pola lamentable situación na que se atopan os animais nas actuais instalacións da Protectora de Animais e Plantas de Lugo, situada en terreos propiedade da Deputación Provincial de Lugo, unha situación que cada vez é peor e que, ás portas do inverno, se prevé que poida empeorar.

Hai que ter en conta que existe un acordo plenario aprobado nesta institución para, en colaboración co Concello de Lugo e coa Xunta de Galicia, impulsar de xeito urxente un proxecto de regularización e ampliación desas instalacións para mellorar as instalacións e, consecuentemente, os medios para a atención diaria dos animais e garantir unha maior capacidade de acollida.

Exposición de Motivos

Esta Corporación Provincial aprobaba o 27 de febreiro de 2024 cos votos dos deputados do PP e do BNG a regularización e ampliación das instalacións que usa na actualidade a Protectora de Animais e Plantas de Lugo, pero a día de hoxe non se deu -ou non coñecemos que se dera- ningún paso por parte da Deputación de Lugo durante estes últimos 6 meses.

O único paso que coñecemos respecto a este asunto é que no Concello de Lugo teñen previsto levar a cabo as obras de execución dun cemiterio de mascotas por un importe de 151.000 euros. Todo parece indicar que a prioridade do goberno local son os animais mortos en lugar de coidar dos animais vivos.

E o mesmo para o BNG local que -mentres os seus compañeiros deputados do BNG na Deputación de Lugo votaron no seu día a favor da proposta do Grupo Provincial Popular- rexeitaban a mesma proposta no Pleno do Concello.

A realidade é que os animais están nunha situación lamentable e a situación nas instalacións da Protectora é cada vez peor e as condicións climatolóxicas empeorarán. Tal e como xa expuxemos no pleno celebrado o pasado mes de febreiro, hai anos que a situación da Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo é crítica. Precisan máis recursos económicos, recursos humanos e fundamentalmente unhas instalacións dignas para albergar aos animais.

Cómpre recordar unha vez máis que no ano 2018 a Deputación Provincial de Lugo iniciou un proxecto para a regularización e ampliación das instalacións da Protectora, proxecto que paralizou tempo despois alegando publicamente problemas coas autorizacións. Pero, actualmente non existe constancia de ningún tipo de impedimento normativo que impida a ampliación ou regularización da instalación na localización actual, quedando acreditado nos últimos meses que é totalmente viable a legalización e ampliación desas instalacións nesa parcela.

No seu momento, representantes da protectora trasladáronnos que entendían que a opción máis viable para o futuro desta sociedade é a regularización e ampliación das actuais instalacións, dado que non só teñen unha localización idónea, senón que o tamaño da parcela permite a ampliación das mesmas e ter un amplo espazo exterior para que os animais e os coidadores poidan aproveitalos para paseos e espaxamento, tan necesario para o benestar dos animais.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta a seguinte proposta de acordo:

O Pleno da Corporación Provincial insta ao Sr. Presidente da Deputación de Lugo a cumprir o acordo plenario de data 27 de febreiro de 2024 e, así, xunto co Concello de Lugo e a Xunta de Galicia, impulsar de xeito urxente un proxecto de regularización e ampliación das instalacións actuais da Sociedade Protectora de Animais e Plantas, garantindo unha maior capacidade de acollida, así como unhas instalacións e medios dignos para o día a día dos animais.

Efectuada a votación da declaración de urxencia da moción presentada, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG).

Téndose producido empate de votos a favor e en contra, de acordo co sinalado no artigo 120 do Regulamento Orgánico da Corporación, o Presidente manifesta que se efectuará unha nova votación.

Efectuada unha segunda votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Pleno da Corporación por maioría, co voto de calidade do Presidente, acorda rexeitar a declaración de urxencia da moción presentada”.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org/?pleno=20240924&punto=11>

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

11.- DACIÓN DE CONTA DO ESCRITO DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR, SOBRE DESIGNACIÓN DE SUPLENTE PRIMEIRO E SEGUNDO DO VOCEIRO.

Dáse conta do escrito do Grupo Provincial Popular, que tivo entrada nesta Deputación Provincial o día 31 de xullo de 2024, con número de Rexistro 2024RPE014362, polo que designan suplentes primeiro e segundo do voceiro do dito Grupo a D. José Demetrio Salgueiro Rapa e a D. José Angel Santos Sánchez respectivamente. O Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org/?pleno=20240924&punto=12>

12.- DACIÓN DE CONTA DOS ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO, RELATIVOS Á MODIFICACIÓNS/SUBSTITUCIÓNS DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2023, POLOS CONCELLO DE SAMOS E CASTRO DE REI.

Aos efectos do previsto nas bases do Plan Único 2023, en relación coa modificación/substitución de investimentos, no que se sinala na base 14 “.. *Se por circunstancia sobrevida e/ou motivos xustificadas, o Concello non puidera contratar e executar o investimento incluído no Plan único, motivadamente, poderá solicitar a modificación do proxecto do investimento ou substitución do investimento inicialmente incluído no Plan por outro, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), séndolle igualmente aplicable o prazo de xustificación fixado nestas bases. Dita modificación/substitución será solicitada polo Concello achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase á aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria....”* .

Por todo elo dáse conta ó Pleno do acordo adoptado pola Xunta de Goberno de data 19/07/2024 en relación co escrito presentado pola Alcaldía do Concello de Samos solicitando a substitución/modificación de investimentos incluídos inicialmente no Plan Único 2023, do que se adxunta certificación do amentado acordo, sen afectar á achega total que efectúa a Deputación.

Así mesmo dáse conta do acordo adoptado pola Xunta de Goberno de data 02/08/2024 en relación co escrito presentado pola Alcaldía do Concello de Castro de Rei solicitando a substitución/modificación de investimentos incluídos inicialmente no Plan Único 2023, do que se adxunta certificación do amentado acordo, sen afectar á achega total que efectúa a Deputación.

O Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org/?pleno=20240924&punto=13>

13.- DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES DOS MESES DE ABRIL, MAIO E XUÑO DE 2024 RELATIVOS AO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DO REAL DECRETO 635/2014 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.

O Pleno da Corporación queda enterado dos informes dos meses de abril, maio e xuño de 2024 relativos ao cumprimento de prazos do Real Decreto 635/2014 da Deputación Provincial de Lugo e do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org/?pleno=20240924&punto=14>

14.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2024 RELATIVO AO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DA LEI 15/2010.

Dáse conta do informe do segundo trimestre de 2024 relativo ao cumprimento de prazos da Lei 15/2010. O Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org/?pleno=20240924&punto=15>

15.- DACIÓN DE CONTA DA INFORMACIÓN ECONÓMICA DA DEPUTACIÓN DE LUGO A 30 DE XUÑO DE 2024.

O Pleno da Corporación queda enterado da información económica da Deputación de Lugo a 30 de xuño de 2024.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org/?pleno=20240924&punto=16>

16.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS QUE CONTEMPLA A LEI 2/2012, DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA A 30 DE XUÑO DE 2024 E PREVISIÓNS A 31 DE DECEMBRO DE 2024.

Dáse conta do informe de avaliación de cumprimento de obxectivos que contempla a Lei 2/2012, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira a 30 de xuño de 2024 e previsións a 31 de decembro de 2024. O Plen da Corporación queda enterado.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org/?pleno=20240924&punto=17>

17.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE OS MESES DE XULLO E AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día un de xullo ó trinta de agosto de dous mil vinte e catro, que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 3091 ao 4017. O Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org/?pleno=20240924&punto=18>

18.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org/?pleno=20240924&punto=19>

19.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

O Presidente manifesta que foron presentados dous Rogos e dúas Preguntas por parte do Grupo Provincial Popular, que se tratarán a continuación:

R O G O S

Primeiro.- Presentado polo Grupo Provincial Popular, relativo a reparación LU-P-4103 e garantir a seguridade viaria na zona, que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, trasládalle para o vindeiro Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

Son enormes as dificultades para poder circular pola estrada provincial LU-P-4103 ao seu paso polo municipio de Pantón. Está totalmente desfeita polos danos provocados polo paso de maquinaria pesada polas obras que se están a executar na vía ferroviaria dende fai máis de dous anos e medio nesta zona.

Esta estrada presenta serias deficiencias que dificultan e fan perigosa a circulación de vehículos con seguridade debido á existencia de baches, blandóns, desgaste do pavimento, etc. tal e como xa expuxo este grupo no pleno celebrado o pasado mes de xullo, sen que se realizase reparación algunha nesta vía provincial nos dous últimos meses.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular reitera a petición realizada no mes de xullo e solicita ao goberno provincial que inste a Adif a:

- executar reparacións periódicas puntuais con carácter provisional para garantir a seguridade viaria nas estradas provinciais LU-P-4103 (ao seu paso polo termo municipal de Pantón), así como outras vías afectadas polos traballos de Adif, segundo

se vaian producindo danos nestas, debido ao paso de maquinaria pesada para acometer obras na rede ferroviaria.

- garantir a seguridade viaria na zona ata que unha vez rematadas as obras cumpran o compromiso de repoñer a perfecto estado as infraestruturas viarias deterioradas polo paso da maquinaria durante a duración dos traballos”.

Segundo.- Presentado polo Grupo Provincial Popular, relativo a renovación da estrada LU-P-6101 Trabada, do seguinte teor:

Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, trasládalle para o vindeiro Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

A estrada provincial LU-P-6101 é empregada por moitos veciños de Trabada; xa que une Trabadela con Sante e a Ría, ademais de contar cun importante volume de circulación de maquinaria agrícola e camións que transportan madeira.

O pavimento desta vía atópase moi danado en numerosos puntos e a estrada tamén precisa o repintado da sinalización horizontal e a poda das ramas das árbores das súas marxes.

Ademais, hai moitos puntos nos que é case imposible que se crucen dous vehículos polo que urxe un estudo para a súa renovación que inclúa un aumento do seu ancho para garantir a seguridade na circulación.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno provincial que:

Proceda, na maior brevidade posible, a renovar a estrada LU-P-6101 (Trabadela-Sante – A Ría), aumentando o seu ancho para garantir a seguridade dos usuarios”.

P R E G U N T A S

Primeira.- Formulada polo Grupo Provincial Popular, relativa á realización de traballos de arranxo e mellora nas estradas provinciais, que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte pregunta:

Por todos os lucenses é coñecido o deficiente estado da rede viaria provincial debido á falta de mantemento, arranxo e mellora durante moitos anos por parte do goberno provincial, algo que sufrimos todos os que as empregamos a diario.

Estas estradas de titularidade provincial teñen numerosos tramos nos que o pavimento presenta deficiencias que supoñen unha diminución notable da seguridade viaria e un perigo para todos os usuarios.

Tal e como ven demandando este grupo é urxente e necesario levar a cabo actuacións nas mesmas e por iso demandamos en reiteradas ocasións un plan de traballo para corrixir as deficiencias que presentan.

Nas últimas semanas tivemos coñecemento de que ante solicitudes de arranxo nestas vías, dende o Goberno provincial comunicouse aos distintos concellos, que as actuacións en materia viaria realizábanse en base a un calendario de traballo xa establecido.

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

De existir dito calendario de actuacións de arranxo e mellora nas estradas provinciais, cales son os criterios que segue o Goberno provincial para establecer as prioridades dos arranxos necesarios nos 67 municipios da provincia?”.

Segunda.- Formulada polo Grupo Provincial Popular, relativa a comprobación de tarefas de limpeza de cunetas, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte pregunta:

Un ano máis o Sr. Presidente da Deputación non desenvolveu con dilixencia as súas competencias en materia de estradas provinciais e, consecuentemente durante o verán puidemos comprobar que as marxes de numerosas destas estradas estaban sen desbrozar e consecuentemente acumulaban maleza que chegaba, incluso, a invadir parte das calzadas e dificultar a visibilidade dos condutores.

A pesar de que, dende este grupo, reiteradamente vimos advertindo que esta situación pon en risco aos usuarios das mesmas o certo é que o Sr. Tomé non fixo nada por solucionalo. Todo o contrario. Ven de iniciar un expediente sancionador e de aprobar, segundo publican os medios de comunicación, unha proposta de sanción de 43.750,00 € ao Concello de Ribadeo por levar a cabo as tarefas de limpeza en vías provinciais que se deberían de ter feito dende a Deputación.

Temos coñecemento de que, ante a inacción e deixadez de funcións do Sr. Tomé, outros concellos da provincia tamén desenvolveron labores de roza en estradas de titularidade provincial que discorren polos seus municipios.

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

Ten previsto o Sr. Presidente investigar e comprobar se concellos gobernados por PSOE e BNG acometeron tarefas de limpeza de cunetas e desbroce das marxes das vías provinciais ao seu paso polos respectivos termos municipais e, no seu caso, aprobar propostas de sanción de similar contía?”.

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org/?pleno=20240924&punto=20>

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.